

CASA DA MULLER  
MJGV/brb  
Refº: III PIOM  
Asunto: COMUNICADO FORO ASASINATO MACHISTA EN VIGO

**ACORDO DO FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE LUGO EN RELACIÓN AO ASASINATO MACHISTA EN VIGO DE CRISTINA GONZÁLEZ SACAU**

O Foro de Participación Cidadá en Materia de Igualdade do Concello de Lugo na súa sesión celebrada o 14 de outubro de 2011 acordou manifestar o seu total rexeitamento ao asasinato de Cristina González Sacau, que tivo lugar en Vigo o día 11 de outubro. Trátase do segundo asasinato machista no que vai de ano en Galicia e o número 50 en España.

Por outra banda, o Foro quere renovar o seu compromiso para seguir traballando contra os obstáculos que impiden ás mulleres gozar dos mesmos dereitos que o homes e, de maneira especial contra a violencia de xénero ao tempo que fai un chamamento á sociedade para manifestarse activamente contra a violencia machista, unha das principais violacións dos dereitos humanos que se manteñen na actualidade.

Por último, animar ás vítimas a que acudan aos servizos especializados de atención ás mulleres para atopar apoio e asesoramento sobre como rachar coa situación de sometemento na que viven. Neste sentido, lembrar que no Concello de Lugo existe a Casa da Muller, servizo que brinda apoio e atención psicolóxica, social e xurídica ás mulleres que sufren malos tratos.

Casa da Muller.  
Avda. da Coruña, 212  
Teléfono: 982 297 412